

---

# GATIÑO E AS VACACIÓNS

Texto de JOEL FRANZ ROSELL

Ilustracións de CONSTANZE v. KITZING

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

---

Encadernado en cartonné. 23 x 16 cm. 32 páx. 11 €.

**Gatiño e as vacacións** (galego)

ISBN 978-84-8464-947-2. Primeiros lectores.

**Gatito y las vacaciones** (castelán)

ISBN 978-84-8464-946-5. Primeros lectores

**En Gatet i les vacances** (catalán)

ISBN 978-84-8464-955-7. Primers lectors.

**Katutxo eta oporrak** (eúscaro)

ISBN 978-84-7681-892-3. Lehen irakurleak.

**Gatinho e as férias** (portugués)

ISBN 978-989-749-049-1. Primeiros leitores.

**Little Cat and the Holidays** (inglés)

ISBN 978-84-8464-948-9. Early readers.

*Era o último día de clase. Gatiño e os seus amigos falaban do que ían facer durante as vacacións.*

*-Eu irei coa miña nai a unha vila cerca do mar -dixo Parrula.*

*-Que sorte! -dixo Gatiño-. Eu nunca vin o mar...*

Á praia, á montaña, ao pobo, a outra cidade nun país estranxeiro...

os amigos de Gatiño xa teñen plans para o verán.


Imaxinan entre eles como serán as súas ansiadas vacacións;

só Gatiño parece non ter claro que vai facer cando rematen

as clases.

A historia de "Gatiño e as vacacións" mostra que existen circunstancias sociais diversas, así como distintos modelos de familias. Algúns pais non poden acompañar os seus fillos por motivos laborais; noutros casos son os avós os que axudan a conciliar; e non faltan aqueles que reparten a tempada estival entre o pai e a nai. Para a familia de Gatiño, en cambio, ir de viaxe a un lugar atractivo non é o máis importante...

As ilustracións apóianse en texturas suaves e cores intensas para resaltar a expresividade dos personaxes e a descrición dos escenarios onde transcorrerán as novas aventuras de Gatiño e dos seus compañeiros.



---

■ **Temática:** vacacións.

■ **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** dos autores de "Gatiño e o balón" e "Gatiño e a neve" (KALANDRAKA); distintos modelos de familia; circunstancias sociais diversas; tempo libre, aventuras, curiosidade, novas experiencias.

---

## Joel Franz Rosell

(Cruces, Cuba, 1954)

Escritor, crítico, profesor e xornalista. Algúns dos seus traballos foron adaptados para televisión, radio, cómic, fotonovela, teatro e narración oral, principalmente no seu país natal. Ademais de literatura infantil, tamén publicou textos de ensaio en xornais e revistas de Europa, América e Asia. Recibiu, entre outros, os premios A Rosa Branca (Cuba) e Cidade de Cherburgo (Francia); a súa obra foi incluída na selección The White Ravens (Biblioteca Internacional da Xuventude, Alemaña). É autor dos libros "Paxaros na cabeza" e "O paraugas amarelo" (KALANDRAKA). <http://elpajaroalibro.blogspot.com>

## Constanze v. Kitzing

(Göttingen, 1980)

Estudou ilustración na Universidade de Ciencias Aplicadas de Hamburgo, na Escola de Arte e Deseño de Minneapolis en Estados Unidos e na Universidade de Weimar (Bauhaus). Participa en obradoiros creativos e publicou en varias editoriais europeas. Ademais de ilustradora, tamén é deseñadora da revista Der Spiegel. A súa obra foi seleccionada para a Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña 2010. Foi distinguida no certame 3x3 Children's Show 2011 (EEUU) e no CJ Picture Book Award 2011 (Corea).

<http://www.constanzevonkitzing.de>

---

www. **kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com

---